# BITeB

Boletín Informativo de Traballo e Benestar

**Consellería de Traballo e Benestar - febreiro 2013, n.º 82**





## A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para dar conta dos orzamentos do seu departamento para o 2013

- O compromiso coa posta en marcha de novas prazas de educación 0-3 forma parte da aposta decidida da Xunta de Galicia pola dinamización demográfica
- En total, a Consellería de Traballo destina este ano 51,5 millóns de euros á inclusión social, un 26 por cento máis que no exercicio anterior




## Pleno do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD)

- Mato valora "positivamente" que o financiamento da dependencia prime por primeira vez os servizos fronte ás pagas do coidador
- Galicia é a terceira autonomía cunha maior porcentaxe de servizos (66%) fronte ás libranzas do coidador (33%)
- A conselleira fixo fincapé en que os acordos inciden na excepcionalidade da prestación do coidador, tal e como fai Galicia
- Salientou a elaboración dun catálogo de referencia de servizos sociais que marca uns servizos mínimos para todas as comunidades.

## Preto do 100% dos 900 cursos de formación para desempregados de 2013 permitirán obter certificados de profesionalidade

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou en rolda de prensa as principais liñas de formación para desempregados
- En total, destínanse a estas actuacións un total de 40 millóns de euros, das que se beneficiarán uns 14.000 alumnos
- Estas accións formativas, segundo os últimos datos, acadan unha inserción laboral do 40 por cento.

Diálogo scoial

## Mato reitera o compromiso da Xunta para reactivar o diálogo social en Galicia para chegar a novos acordos

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Santiago a décima edición do Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
- Destacou que o Goberno galego seguirá a promover as políticas para apoiar as persoas desempregadas e en risco de exclusión social.

Informe do paro rexistrado

## Galicia pechou o mes de xaneiro cun total de 290.790 persoas desempregadas

Sumario


| | | | |
|---|---|---|---|
| Orzamentos 2013 | 2-3 | Traballo e economía social | 8-9 |
| Diálogo social | 4 | Política social | 10-13 |
| Formación e emprego | 5-7 | Xuventude e voluntariado | 14 |
| Informe do paro rexistrado | 7 | Publicacións e normativa | 15-20 |


Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar

Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas

Coordinación: Pepa Dabán Royo

Maquetación: Antonio Lameiro Ces

ISSN: 2254-7835

BITeB



# A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu no Parlamento galego para dar conta dos orzamentos do seu departamento para 2013

- Explicou que este ano está previsto a tramitación de 2.100 prazas, que xa están asinadas en convenios, das que 700 estarán rematadas antes de que finalice o ano
- O compromiso coa posta en marcha de novas prazas de educación 0-3 forma parte da aposta decidida da Xunta de Galicia pola dinamización demográfica
- En total, a Consellería de Traballo destina este ano 51,5 millóns de euros á inclusión social, un 26 por cento máis que no exercicio anterior
- En materia laboral, increméntase nun 1 por cento (25 millóns de euros) a partida para emprendedores e autónomos
- Investiranse 2,1 millóns de euros no programa Empreganav, que prevé recolocar 450 desempregados do sector naval
- Crearase tamén a Rede galega de orientadores, formada por 452 profesionais, e aumentarase nun 8 por cento o investimento en incentivos á contratación na empresa ordinaria

**Santiago, 15 de xaneiro de 2013.-** A Consellería de Traballo e Benestar terá rematadas a finais deste ano máis de 700 novas prazas en escolas infantís. Esta cifra forma parte das 2.100 prazas de 0-3 anos que estarán en execución ao longo deste exercicio. Isto é, en 2013 iniciarase a tramitación ou ben continuarase co procedemento xa iniciado de execución dun total de 2.100 prazas.

Así o anunciou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, durante a súa comparecencia no Parlamento galego para dar conta dos orzamentos para o ano 2013 do departamento. Sobre este asunto, incidiu en que estas 2.100 prazas de 0-3 anos "están asinadas en convenios con orzamentos. Isto é dar cumprida conta dos nosos compromisos".

Este impulso ás prazas de educación infantil, sinalou Mato, enmárcanse no Plan de dinamización demográfica elaborado por este Goberno e ten como obxectivo sentar as bases para inverter a tendencia demográfica na nosa comunidade autónoma. Un problema, explicou a titular de Benestar, cun alcance e unhas repercusións maiores dos que a sociedade percibe. Por iso, este mesmo ano, porase en marcha unha campaña de concienciación co fin de que todos e todas adquiramos coñecemento da dimensión da importancia da nosa pirámide poboacional.

Outra das principais apostas das contas do departamento para o ano 2013 é a inclusión. "Traballamos por e para as persoas", afirmou, ao tempo que subliñou que a prioridade son as persoas máis vulnerables e todos aqueles que se atopan en situación de desemprego.

De aí que en 2013 se incremente a partida da RISGA nun 38 por cento ata alcanzar os 32,7 millóns de euros, un aumento de 9 millóns de euros. Ademais, esta partida volverá figurar como ampliable para que "ningunha persoa que cumpra os requisitos quede desatendida".

Tamén se incrementa o orzamento para as Axudas de Emerxencia Social, que crece ata os 4,5 millóns, o que supón un 50 por cento máis que en 2012.

Nesta materia, Mato indicou que "Galicia volve a situarse á cabeza das comunidades autónomas en termos de protección social co mantemento do complemento das pensións non contributivas". Ademais de Galicia, só outras catro comunidades autónomas teñen complemento ás PNC. A isto hai que sumarlle que esta comunidade autónoma achega case o dobre da media que o resto das comunidades que teñen este complemento.

En total, a Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 51,5 millóns de euros á inclusión social, un 26 por cento máis que o ano anterior. Mato adiantou que durante este período de sesións levarase a Lei de inclusión social de Galicia ao Parlamento para a súa aprobación.

No eido da dependencia, a titular do departamento autonómico lembrou que entre decembro do 2011 e do 2012 foi a segunda comunidade autónoma que rexistrou un maior número de altas no sistema de dependencia. A aposta de cara a 2013 será continuar apostando polos servizos profesionais. De aí que a partida do servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia se incremente nun 24 por cento, ata os 38 millóns de euros.

Por último na área social, subliñou que se blinda a partida destinada á discapacidade, xa que se mantén a contía a investir nos convenios de mantemento das distintas entidades, que será a mesma que en 2012: 3 millóns de euros. Ademais, contémplanse 7,8 millóns de euros para os centros especiais de emprego, de xeito que está garantido o pagamento do 50 por cento da nómina de todos os traballadores. Esta partida figura tamén como crédito ampliable polo que "a colaboración está totalmente garantida".



### Impulso ao emprendemento

Na área de traballo, Mato destacou que outro "eixo esencial" é a mellora da empregabilidade dos traballadores a través das políticas activas de emprego (PAE), unha partida, indicou, marcada e transferida na súa integridade polo Estado, que vén determinada polo axuste que fixo o pasado ano o Goberno central.

Por partidas, a conselleira explicou que o fomento do emprendemento e a economía social serán obxectivos prioritarios na distribución de fondos deste departamento por ter demostrado ser as fórmulas que "maior resistencia" están a demostrar ante a crise.

En 2013, a partida para emprendedores e autónomos contará con 25 millóns de euros, un 1 por cento máis que no orzamento de 2012. Sobre esta partida, a conselleira precisou que "non só se mantén o apoio ao 1º traballador, senón que ao longo da lexislatura, como novidade, tamén apoiaremos a contratación do 2º e 3º traballador".

"E realizamos un esforzo moi importante para ao mantemento dos programas dedicados a xerar novos empregos no ámbito cooperativo", destacou.

Neste ano investiranse, ademais, 2,1 millóns de euros no novo programa Empreganav. Trátase dun plan específico destinado aos traballadores do sector naval, e que prevé recolocar a 450 desempregados noutros postos de traballo.

Por outra banda, sinalou que continuará a aposta pola formación de calidade e homologada, que permita obter certificados de profesionalidade de validez estatal. "Mantemos o conxunto das partidas destinadas á formación para persoas desempregadas nos mesmos termos que no ano 2012", remarcou.

Con respecto aos incentivos á contratación na empresa ordinaria, esta partida aumentará nun 8 por cento ata os 8 millóns de euros. En concreto, estes incentivos están dirixidos principalmente a mozos e mozas, maiores de 45 anos e desempregados de longa duración. Con este investimento, poderase apoiar a 1.800 traballadores para que consigan un contrato indefinido inicial ou ben transformar os temporais en indefinidos.

En 2013 tamén se creará a Rede galega de orientadores laborais, que contará cun total de 452 profesionais en total.

Xa no que se refire á área de Xuventude, Mato anunciou un xiro nos programas destinados á mocidade de xeito que "todas as liñas de actuación estean enfocadas ao emprego". Así priorizaranse os programas orientados á educación non formal, vinculados ao emprendemento e á empregabilidade.

Neste ano, ampliarase e mellorarase o programa Galeuropa, unha iniciativa de mobilidade xuvenil internacional que permite aos mozos e mozas galegos realizar prácticas profesionais no estranxeiro durante 8 semanas. Este ano multiplícase o orzamento por 7, ata os 600.000 euros, que permitirán beneficiar a 250 mozos e mozas.

Ao mesmo tempo, tamén se incrementará a dotación orzamentaria do programa de participación xuvenil Iniciativa xuvenil (3,5% máis; 630.000 euros); e refórzase a aposta polo voluntariado xuvenil a través dun incremento do orzamento do Servizo de Voluntariado Xuvenil que ascende ao 110 por cento.

Para rematar, a conselleira resumiu que se trata duns "orzamentos encamiñados a blindar os servizos públicos e iniciar a senda do crecemento e da creación do emprego". "En definitiva, estes orzamentos demostran que os obxectivos da Consellería de Traballo e Benestar se resumen nun: dar resposta ás necesidades das persoas", concluíu.

http://www.conselleriadefacenda.es/orzamentos2013/



# Mato reitera o compromiso da Xunta para reactivar o diálogo social en Galicia para chegar a novos acordos

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Santiago a décima edición do Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
- Destacou que o Goberno galego seguirá a promover as políticas para apoiar as persoas desempregadas e en risco de exclusión social
- Avanzou que os orzamentos para 2013 inclúen un incremento do 4 por cento nas políticas activas de emprego
- Resaltou que Galicia é unha comunidade "solvente" que cumpre cos seus obxectivos de déficit ano tras ano.

**Santiago, 24 de xaneiro de 2013.-** A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reiterou o compromiso da Xunta de reactivar o diálogo aocial en Galicia. Para iso, fixo –no transcurso da inauguración da décima edición do Congreso do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia– un chamamento aos axentes sociais para retomar este proceso nesta lexislatura.

"A miña intención é volver renovar os nosos esforzos para deixar a un lado o que nos separa e atopar os puntos que nos unen", apuntou a conselleira, explicando que "nestes momentos ten máis mérito, se cabe, que en calquera outra época e porque ningunha outra Comunidade ten avanzado da man do diálogo social como o fixo Galicia". Neste senso, Mato destacou que Galicia foi "un referente" en todo o Estado, xa que poucas comunidades foron capaces de atopar "espazos de entendemento".

Así, lembrou que na pasada lexislatura se acadaron 29 acordos no seo do diálogo social a través dos que se consensuaron as principais liñas de actuación a nivel económico e de emprego en Galicia.

A responsable de Traballo sinalou, así mesmo, que o Goberno galego seguirá nesta nova lexislatura a reforzar as políticas para apoiar as persoas desempregadas e en risco de exclusión social. Para iso, indicou que os orzamentos do departamento autonómico recollen este ano un incremento do 4 por cento nas políticas activas de emprego e un aumento do 38 por cento na Renda de Inclusión Social de Galicia.

A conselleira tamén apuntou que reeditar o diálogo social é "moi importante" para que Galicia saia reforzada fronte á crise. Ao respecto, resaltou que Galicia está mellor preparada que o resto de comunidades para saír antes da crise, xa que reiterou que é unha Comunidade solvente, e cumpre cos seus obxectivos de déficit ano tras ano. Neste sentido, lembrou que na pasada lexislatura se puxeron en marcha 6.000 novas prazas públicas e que en Galicia se pagan "dilixentemente" os servizos sociais.

En definitiva, Mato apelou á "unión de esforzos" para seguir a impulsar a dinamización económica e a creación de emprego para Galicia. "Para iso continuaremos afondando na busca do camiño do diálogo, e na busca da concertación e consenso", concluíu.








# Traballo consensuará coa Fegamp unha normativa que recolla os criterios de reparto aos concellos dos fondos de emprego

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o seu equipo reuníronse co presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), José Manuel Rey, e coa súa directiva
- O departamento autonómico e a Federación crearán unha mesa de traballo para avanzar na colaboración nas áreas de benestar e emprego
- O obxectivo da nova normativa será crear un marco único e coordinado que permita aos concellos contar cuns "orzamentos anuais de referencia" para poder establecer os seus plans de emprego municipais
- As partidas destinadas á cooperación cos gobernos locais en materia laboral contan cun investimento en 2013 de 30 millóns de euros, un 3 por cento máis que en 2012.

**Santiago, 22 de xaneiro de 2013.-** A Consellería de Traballo e Benestar consensuará coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) na elaboración dunha normativa que recolla os criterios e requisitos de repartición aos concellos dos fondos destinados ás políticas activas de emprego, nos que se inclúen, entre outros, os orientadores, axentes de emprego e plans de cooperación.

Así o acordaron a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o presidente da Fegamp, José Manuel Rey, que mantiveron unha xuntanza na que tamén tomaron parte o equipo directivo da área autonómica e da Federación. Para avanzar neste obxectivo e noutros relacionados co emprego e o benestar crearase unha mesa de traballo entre ambos os organismos para afianzar unha colaboración fluída.

O obxectivo desta nova normativa será crear unha regulación única para a colaboración en materia laboral que sirva como un "marco único, coordinado e eficiente". Deste xeito, os concellos poderán dispoñer "duns orzamentos anuais de referencia para poder establecer os seus propios plans de emprego municipais, e mellorar e reducir a súa tramitación administrativa", concretou Mato.

Na xuntanza tamén se analizaron as partidas que o departamento autonómico destinará á cooperación cos concellos na área laboral. En total, en 2013 o orzamento para este fin ascende a 30 millóns de euros, o que supón un 3 por cento máis que o ano pasado (ao redor de 1 millón de euros máis). Dentro desta partida, está englobado o aumento do investimentos nos plans de cooperación, o que permitirá que os concellos contraten máis persoal que en 2012.

Xa no que se refire á área social, no encontro tratouse o financiamento do Plan Concertado.



Ao respecto, Mato explicou que este ano a Xunta vai "volver facer un gran esforzo para blindar a súa achega de 6,2 millóns" a este programa que se encarga de financiar dun xeito tripartito –Estado, Xunta, e concellos- os servizos sociais dos gobernos locais.

Por último, a Fegamp e o departamento autonómico están a estudar a sinatura dun protocolo a dúas bandas para ampliar os beneficios do Carné Xove de xeito que se lles facilite aos mozos e mozas o acceso a bens e servizos a nivel local.

# Máis de 75 mulleres participan nunha xornada de 'networking' do programa Executiva para mellorar as súas capacidades de liderado

**Santiago, 25 de xaneiro de 2013.-** A Consellería de Traballo e Benestar organiza en Santiago unha xornada 'networking' dentro do programa Executiva na que participarán máis de 75 mulleres que están a mellorar con esta actuación as súas capacidades de liderado. Executiva está dirixido tanto a directivas como emprendedoras que na actualidade están a ocupar un posto de responsabilidade como a traballadoras en xeral que desexen darlle un impulso a súa carreira.

A director xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, asistiu á iniciativa que se desenvolve no Centro de Innovación Cultural da Cidade de Cultura. A xornada inclúe a realización de diversas actividades como a visita ao Centro de Supercomputación de Galicia, onde as asistentes poderán coñecer os proxectos e servizos que esta entidade presta en relación con ferramentas de teletraballo. Ademais, exporanse os obxectivos do proxecto 'ICT-Go-Girls!' que está dirixido a fomentar o emprendemento entre as mozas de secundaria a través das TIC. Este programa estase a desenvolver en colaboración con 7 institucións de 5 países da Unión Europea (UE).

A xornada comezou cunha charla do equipo do programa Executiva que está a levar a cabo a Consellería de Traballo e Benestar por segundo ano. Unha das participantes e finalistas desta actuación exporá ás participantes da xornada o papel da muller nos próximos 7 anos. 'O desafío 2020 (MMXX)' céntrase na importancia de adaptarse aos novos cambios da sociedade na redistribución do emprego.

**Executiva**

O programa Executiva xa está na súa última fase de execución. Nas próximas semanas comezará a parte de 'coaching' persoal na que participan 22 mulleres que foron seleccionadas das dúas primeiras fases.

**http://programaexecutiva.org/**



# Formación e emprego

## Preto do 100% dos 900 cursos de formación para desempregados de 2013 permitirán obter certificados de profesionalidade



- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou en rolda de prensa as principais liñas de formación para desempregados
- En total, destínanse a estas actuacións un total de 40 millóns de euros, das que se beneficiarán uns 14.000 alumnos
- Estas accións formativas, segundo os últimos datos, acadan unha inserción laboral do 40 por cento
- Comezarán a impartirse en marzo e prolongaranse durante todo o ano
- A esta partida súmanse os 6 millóns de euros que se invisten na programación para ocupados

**Santiago, 21 de xaneiro de 2013**.- Preto do 100 por cento dos 900 cursos para desempregados programados para 2013 permitirán a obtención dun certificado de profesionalidade, unha aposta que foi consensuada e acordada no seo do diálogo social. Os certificados son de validez estatal, e acreditan os coñecementos dos alumnos dun xeito oficial e recoñecido tanto en Galicia, como no resto do Estado.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, explicou en rolda de prensa as principais liñas de formación para desempregados que se levarán a cabo ao longo deste ano. En total, en 2013 destinaranse máis de 40 millóns de euros a formar a 14.000 galegos e galegas en situación de desemprego.

Estes 40 millóns divídense en dous programas. Por un lado, a orde que se publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG), dotada con 36,3 millóns de euros, permitirá o financiamento de 800 accións formativas e chegará a 12.000 persoas. Estas actividades desenvolveranse a través de diferentes entidades e axentes sociais. Comezarán a impartirse en marzo e prolongaranse durante todo o ano.

A esta orde hai que engadirlle os 4,1 millóns de euros que se investirán nos cursos que se imparten en centros propios da Consellería de Traballo e Benestar. Neste caso, trátase de 125 accións, que chegarán a 1.900 traballadores en situación de desemprego.

Cómpre lembrar que, ademais da programación para desempregados, este ano mantense a partida destinada ás liñas formativas para ocupados, que será de 6 millóns de euros.

Este investimento inscríbese na aposta do Goberno galego pola formación "como ferramenta para a mellora da empregabilidade dos nosos traballadores", explicou Mato, quen incidiu en que deste xeito permítese aos beneficiarios "aumentar de xeito significativo as súas posibilidades de acceder a un posto de traballo".

Estas partidas blíndanse en 2013 cun triplo obxectivo: ofrecer unha programación de calidade, para contar con traballadores máis preparados e conseguir empresas máis competitivas; deseñar uns cursos adecuados ás necesidades reais do mercado laboral para acadar unha maior efectividade á hora da inserción laboral; e vincular estas actuacións á obtención de certificados de profesionalidade.

Estes tres obxectivos xa marcaron a filosofía destas políticas durante a anterior lexislatura. De feito, máis de 30.000 galegos e galegas obtiveron certificados de profesionalidade nos últimos catro anos.

"Esta aposta polo formación ofrece, ademais, uns resultados moi positivos á hora de atopar un posto de traballo", resaltou a conselleira. Os últimos datos correspondentes ao curso 2011-2012 amosan unha inserción laboral do 40 por cento por parte dos alumnos destas accións formativas.

Este estudo tamén indica cales son as especialidades con maior demanda de traballadores. Así, o certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes acada un 60 por cento de inserción.

Os datos por familias profesionais –no curso 2010-2011, que é o último dato desagregado dispoñible- reflicte as seguintes cifras: enerxía e auga (54%); instalación e mantemento (53%); actividades físicas e deportes (53%); fabricación mecánica (53%); servizos socioculturais e á comunidade (52%);e transporte e mantemento de vehículos (51%).

### Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia

Por outra banda, Mato fixo fincapé en que outro xacemento de emprego actual é o relacionado coas novas tecnoloxías. Lembrou que a Consellería conta cun centro de formación de referencia nesta materia: o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG).

O pasado ano o CNTG ofreceu un total de 58 cursos, nos que participaron preto de 900 alumnos (o 42,6% eran desempregados). Isto supón un incremento de 150 beneficiarios sobre 2011, un 20 por cento máis.

O nivel de inserción supera o 51 por cento entre os desempregados. En 2012 recibíronse máis de 6.000 solicitudes para as 900 prazas.

Xa para rematar, Mato adiantou que o departamento autonómico "seguirá apostando polas políticas activas de emprego e, por iso, no 2013 imos ampliar nun 4 por cento o noso investimento nesta materia".

**http://traballo.xunta.es/portada-certificados-de-profesionalidade**






BITeB

# Informe do paro rexistrado

## Galicia pechou o mes de xaneiro cun total de 290.790 persoas desempregadas

**Santiago, 4 de febreiro de 2013**.- Galicia pechou o mes de xaneiro cun total de 290.790 persoas desempregadas. En termos absolutos, esta cifra reflicte un aumento de 12.003 parados máis que no mes anterior, un 4,31 por cento en termos relativos.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, considerou que o dato deste mes é negativo pola cifra de incremento do paro rexistrado e explicou que se inscribe dentro da tendencia xeral que se repite nos meses de xaneiro en Galicia. De feito, nestas datas houbo sempre aumentos desde 2005 e, por exemplo, en 2012 a subida foi maior que o deste mes.

Con todo, a responsable autonómica fixo fincapé en que o dato interanual, comparado do mesmo período do ano anterior, reflicte unha contención do desemprego en Galicia. Neste mes de xaneiro, o incremento foi do 7,19 por cento, mentres que nas mesmas datas do ano pasado era do 10,35 por cento. Isto é, nun ano mellorouse a evolución en máis de 3 puntos.

En comparación co Estado, o comportamento de Galicia en termos interanuais tamén é mellor. A media estatal subiu 8,28 por cento, 1,1 puntos por riba da cifra galega. Así, "hai 12 comunidades autónomas onde o paro medra máis interanualmente que en Galicia", sinalou Díaz López. Deste xeito, Galicia é a cuarta comunidade onde menos sube o desemprego.

Se se analiza o desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que descendeu no colectivo sen emprego anterior (-34). O principal aumento, pola súa banda, produciuse no sector servizos (+9.856 persoas), situándose a continuación a construción (+1.398), a industria (+540), e a agricultura e a pesca (+243).

Por provincias, o paro incrementouse neste mes en todas elas. Onde máis medrou o desemprego foi en Pontevedra (+4.628), seguida por Coruña (+4.585), Ourense (+1.434) e, por último, Lugo (+1.356). No mes de decembro rexistráronse en Galicia un total de 53.941 contratos, 9.162 contratos máis que no mes anterior; deste total, 5.340 foron indefinidos (9,9%) e 48.601 temporais (90,9%).

http://emprego.xunta.es




| | Parados mes | Variación relativa mes anterior |
|---|---|---|
| Melilla | 11.882 | -5,74 |
| Illes Balears | 95.509 | -0,34 |
| Ceuta | 12.197 | -0,27 |
| Canarias | 289.517 | 1,62 |
| Andalucía | 1.102.398 | 1,71 |
| Cataluña | 661.817 | 2,30 |
| Murcia | 158.288 | 2,42 |
| Valencia | 586.420 | 2,93 |
| Madrid | 561.919 | 3,20 |
| Castela-A Mancha | 271.610 | 3,53 |
| Castela e León | 245.877 | 3,63 |
| País Vasco | 175.281 | 3,67 |
| Asturias | 107.608 | 3,68 |
| A Rioxa | 28.613 | 3,76 |
| Aragón | 114.705 | 3,79 |
| Cantabria | 58.650 | 4,10 |
| Estremadura | 152.100 | 4,22 |
| Galicia | 290.790 | 4,31 |
| Navarra | 55.597 | 7,03 |
| **TOTAL** | **4.980.778** | **2,72** |

**VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA**
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)






# Traballo pon en marcha o Plan do ISSGA para 2013 cun total de 66 actuacións para loitar contra a sinistralidade laboral

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na Coruña na entrega do oitavo premio á Excelencia na Xestión da Prevención de Riscos Laborais
- Avanzou que entre as medidas do Plan para este ano destacan unha análise epidemiolóxica entre os veterinarios e a prevención entre os autónomos
- Mato anunciou que en 2013 se asinará un convenio con Educación para conseguir concienciar entre os escolares sobre a importancia da prevención
- A titular de Traballo indicou que entre xaneiro e novembro de 2012 os accidentes laborais en Galicia descenderon en máis dun 24 por cento

**A Coruña, 24 de xaneiro de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar contará este ano cun novo Plan para a prevención de riscos laborais. Así, a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, avanzou que o novo Plan do ISSGA para 2013 contará con 66 actuacións entre as que destacou unha análise epidemiolóxica entre os veterinarios e a prevención entre os autónomos.

A titular de Traballo avanzou algunhas das novas medidas no acto de entrega do oitavo premio á Excelencia na Xestión da Prevención de Riscos Laborais, que se celebrou na Coruña. Nesta edición o galardón recaeu na Voz de Galicia.

Con respecto ao estudo epidemiolóxico no sector dos veterinarios, lembrou que esta análise xa se desenvolveu entre outros colectivos, como o das redeiras. Pola súa banda, as actividades dirixidas aos autónomos e emprendedores teñen como obxectivo apoiar un "dos motores básicos para a dinamización da nosa economía".

A conselleira, ademais, anunciou que o Plan do ISSGA para 2013 inclúe a sinatura dun convenio coa Consellería de Educación para conseguir concienciar os escolares da importancia da prevención de riscos laborais.

O programa tamén recolle outro tipo de medidas como a mellora da coordinación coa Consellería de Sanidade na información sobre as enfermidades profesionais.

O documento elaborado por Traballo para este ano forma parte do Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014 da Xunta, que foi un dos primeiros acordos asinados nas mesas do diálogo social de forma consensuada coa patronal e os sindicatos.

Mato indicou que grazas a esta planificación a sinistralidade laboral está a reducirse en Galicia, aínda que deixou claro que o obxectivo é conseguir diminuír as cifras a cero.

Apuntou, neste senso, que entre xaneiro e novembro de 2012 o total de sinistros laborais rexistrados na comunidade autónoma descendeu en máis dun 24 por cento, é dicir, neste período houbo 22.175 accidentes fronte aos 29.200 rexistrados nos mesmos meses de 2011.

Na última década, houbo, ademais, unha redución constante do número de accidentes laborais, un descenso que acadou unha cota case do 50 por cento.

Por último, Mato apelou ao esforzo de todos os cidadáns e á colaboración entre as administracións para seguir loitando contra a sinistralidade laboral. "É necesario o compromiso de todos, das administracións e tamén das empresas e dos propios traballadores", concluíu.

http://www.issga.es/html/public/estatisticas_galicia_lista.php?listar=SINISTRALIDADELABORA&subopcion=mensuais




# Traballo promoverá este ano os programas destinados a xerar novos empregos no eido do cooperativismo

- O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, participou en Ames na inauguración da xornada de presentación da Oficina de Desenvolvemento Cooperativo da Fundación Feiraco
- O ano 2012 rematou con 1.152 cooperativas activas en Galicia, o que supón un incremento do 3,13 por cento con respecto a 2009
- Os últimos datos neste ámbito reflicten que as cooperativas agrupan 90.158 socios e crean un total de 18.649 empregos vinculados de forma directa á economía social
- Martiñá destacou a "importante aposta" do Goberno galego por esta fórmula empresarial, xa que "está a resultar unha boa alternativa de autoemprego".

**Ames (A Coruña), 22 de xaneiro de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar promoverá este ano os programas destinados a xerar novos empregos no eido do cooperativismo. Así o avanzou o director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, na inauguración en Ames dunha xornada na que se presentou a nova Oficina de Desenvolvemento Cooperativo da Fundación Feiraco.

Martiñá destacou que as cooperativas están a resultar unha boa alternativa de autoemprego colectivo para aquelas persoas que queren emprender un novo proxecto baseado nos valores de igualdade, axuda mutua e responsabilidade compartida. Explicou, ao respecto, que este feito reverte nun incremento no ritmo de creación de novas empresas de economía social en períodos de crise económica.

Así, expuxo que en Galicia o número de cooperativas activas ao peche de 2012 creceu nun 3,13 por cento con respecto a 2009, chegando ás 1.152. Ademais, segundo os últimos datos, as cooperativas agrupan a 90.158 socios e socias e crean un total de 18.649 empregos vinculados de forma directa á economía social, o que supón case un 2 por cento da poboación ocupada.

No caso das sociedades laborais, Martiñá explicou que tamén aumentaron, tanto en número de persoas socias como de empresas. Entre 2009 e 2012 incrementáronse nun 8,62 por cento.

O director xeral de Traballo e Economía Social tamén resaltou a calidade do emprego das cooperativas. "Os principios cooperativos de xestión democrática, participación económica de socios e socias, intercooperación e interese pola comunidade conforman un modelo de xeración de riqueza que ten repercusión en Galicia", apuntou.

Ante a resposta que as cooperativas están a dar fronte á crise, Martiñá lembrou "a gran aposta" que o Goberno galego está a facer para promover a posta en marcha desta fórmula de emprego. Neste senso, explicou que a Xunta está a potenciar as sinerxías que resultan da cooperación entre as distintas administracións e entidades co fin de estimular a realización de actividades de promoción do cooperativismo mediante oficinas de fomento cooperativo integradas na Rede Eusumo.

http://www.eusumo.coop/

# Máis de 1.500 persoas participaron en 2012 nas actividades do proxecto Coopera+ para o impulso do cooperativismo na Eurorrexión

- O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, apuntou que un dos seus obxectivos específicos é promover a comercialización e a internacionalización nas sociedades cooperativas, favorecendo a súa cooperación transfronteiriza
- O proxecto Coopera +, que se está a executar da man da Rede Eusumo, é mostra da aposta da Xunta de Galicia polo impulso da economía social en todo o territorio da Eurorrexión nestes momentos de dificultade económica
- No ano 2012 tiveron lugar cinco eventos e dúas reunións de coordinación
- No marco do Coopera+ realizáronse tamén outras actividades como o desenvolvemento da páxina web http://www.cooperamais.org/index.php/es/
- Destaca a elaboración dun estudo de prospección de necesidades e potencialidades do emprego cooperativo, no que se identificaron os potenciais da Eurorrexión que se analizaron sectorialmente

**Santiago, 2 de xaneiro de 2013**.- Máis de 1.500 persoas participaron ao longo do ano 2012 nas actividades incluídas no proxecto Coopera+, unha iniciativa europea, cofinanciada polo programa de cooperación territorial España-Portugal 2007-2013, que ten a finalidade de articular medidas que contribúan ao fomento e consolidación das cooperativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

O director xeral de Traballo e Economía Social, Odilo Martiñá, apuntou que un dos seus obxectivos específicos é promover a comercialización e a internacionalización nas sociedades cooperativas, favorecendo a súa cooperación transfronteiriza.

O proxecto Coopera +, que se está a executar da man da Rede Eusumo, é mostra da aposta da Xunta de Galicia polo impulso da economía social en todo o territorio da Eurorrexión nestes momentos de dificultade económica potenciando as accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.

A iniciativa está promovida pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social , xunto con outros catro socios, que son: Associação de Desenvolvimento da Região do Alto Tâmega, a Câmara de Comercio de Vigo, a Associação Empresarial de Viana do Castelo e a Universidade Católica Portuguesa.

## Potencialidades do emprego cooperativo

No ano 2012, no marco deste programa, tiveron lugar cinco eventos e dúas reunións de coordinación transfronteiriza, unha en Santiago e outra en Chaves (Portugal). Realizáronse tamén outras actividades como o desenvolvemento da páxina web do proxecto http://www.cooperamais.org/index.php/es/, un catálogo de ideas de cooperativas inspiradoras para a Eurorrexión, ou a organización da asistencia do partenariado á terceira Feira Mundial para o Desenvolvemento Cooperativo Feira ICA Expo 2012, que tivo lugar en Manchester (Reino Unido).

Entre as iniciativas que se abordaron este ano destaca a elaboración do estudo de prospección de necesidades e potencialidades do emprego cooperativo, que serviu para identificar as potencialidades da Eurorrexión que posteriormente se analizaron por sectores como o forestal, o enerxético, o agrícola, de industrias creativas, de servizos sociais, e as agrupacións de cooperativas.

http://www.cooperamais.

## Benestar colabora con Cruz Vermella para axudar nas accións de apoio ás persoas sen teito

**A Coruña, 25 de xaneiro de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar seguirá a colaborar ao longo de 2013 con Cruz Vermella para apoiar as persoas sen teito. De feito, o departamento autonómico blindará este ano a súa achega ao proxecto Sen Teito de atención ás persoas sen fogar, con preto de 1.200 beneficiarios anuais, e ao que a Xunta destinará 150.000 euros.

Así o indicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na presentación da web 'Agora + que nunca', unha iniciativa nacida directamente do programa Comparte, subvencionado polo departamento autonómico cun total de 16.000 euros. O acto contou tamén coa presenza da directora da Amtega, Mar Pereira.

A área que dirixe Beatriz Mato destinou máis de dez millóns de euros a pasada lexislatura ao desenvolvemento de varias liñas de colaboración con Cruz Vermella. Un apoio que en 2012 chegou ata os 3,2 millóns de euros e que se manterá nesta nova etapa con iniciativas como o programa de acollemento familiar de atención temporal a menores en situación de desamparo ou desprotección, que contou con 230 beneficiarios en 2012 e no que se investirán 300.000 euros en 2013.

Doutra banda, Mato lembrou o apoio da Xunta á inclusión e indicou que o departamento autonómico aumentou o orzamento da RISGA para este ano nun 38% pasando dos 23,7 millóns en 2012 ata os 32,7 deste ano. Unha cifra que volverá ser un crédito ampliable para ofrecer cobertura a todos aqueles que o necesiten. Mato apuntou que tamén se incrementou nun 50% a partida das axudas á emerxencia social que pasan de tres a 4,5 millóns en 2013.

A web 'Agora + que nunca' utiliza as novas tecnoloxías "para ofrecer solucións actuais a problemas actuais" con iniciativas como o 'crowdfunding', o intercambio e o fomento da implicación empresarial. Trátase dun programa que comparte obxectivos co Caixón Solidario que está a desenvolver a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Esta iniciativa serve de enlace entre as entidades de acción voluntaria e os cidadáns e os establecementos que desexen ceder obxectos, bens e materiais.

**http://www.agoramaisquenunca.org/gl/**




## Benestar destina preto de 16.000 euros ao desenvolvemento dun programa de inclusión social de Cáritas para máis de 30 persoas

**Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2013**.- A Consellería de Traballo e Benestar destinou preto de 16.000 euros para o desenvolvemento dun programa de Cáritas para fomentar a inclusión no mercado de traballo de 31 persoas en situación ou risco de exclusión social.

A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, entregou os diplomas aos participantes desta iniciativa. Destes, un total de 25 mulleres desenvolveron un curso de camareiras de andares, tres homes e tres mulleres fixeron un curso de obtención do carné de conducir e, ademais, tiveron lugar accións formativas complementarias.

González lembrou que no ano 2012 o departamento autonómico apoiou o labor de Cáritas con máis de 765.000 euros a través de distintas liñas que inclúen o concerto de prazas para menores, mantemento de actividades, fomento da inclusión, cursos de formación, plans de cooperación, programas de xuventude e voluntariado, e o convenio de apoio ás familias monoparentais.

En total, na lexislatura pasada achegáronse preto de 3,5 millóns de euros aos diferentes programas de Cáritas, que beneficiaron ás cinco dioceses que compoñen Cáritas Galicia (Santiago, Lugo, Mondoñedo-Ferrol, Ourense e Tui-Vigo).

Así mesmo, a directora xeral de Familia e Inclusión referiuse ao compromiso da Xunta cos máis necesitados e indicou que en 2013 se incrementa a partida da RISGA nun 38 por cento ata alcanzar os 32,7 millóns de euros, un aumento de 9 millóns de euros. Ademais, esta partida volverá figurar como ampliable.

Amparo González apuntou que tamén se incrementa o presuposto para as Axudas de Emerxencia Social, que crece ata os 4,5 millóns, o que supón un 50 por cento máis que en 2012, así como que "se blindan os orzamentos para comedores, albergues e casas de acollida e tamén para programas como este que contribúen a fomentar a inclusión social e a integración laboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social".



## Mato valora "positivamente" que o financiamento da dependencia prime por primeira vez os servizos fronte ás pagas do coidador

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Madrid no pleno do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD)
- Galicia é a terceira autonomía cunha maior porcentaxe de servizos (66%) fronte as libranzas do coidador (33%)
- A conselleira fixo fincapé en que os acordos inciden na excepcionalidade da prestación do coidador, tal e como fai Galicia
- Salientou a elaboración dun catálogo de referencia de servizos sociais que marca uns servizos mínimos para todas as comunidades
- Destacou a importancia da proposta dun novo Plan nacional para a inclusión social, que terá como un dos principais obxectivos a empregabilidade, un aspecto que "coincide plenamente" coa filosofía do novo proxecto de Lei de inclusión de Galicia.



**Madrid, 16 de xaneiro de 2013**.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, considerou "positivo" o cambio acordado nos criterios de reparto do nivel mínimo de financiamento da Lei de dependencia. Por primeira vez, vanse ponderar os servizos concedidos como criterio de referencia na distribución de fondos.

Así se acordou en Madrid no seo do pleno do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), no que participou esta tarde a titular do departamento autonómico.

A ponderación dos servizos comezará en 2013 e representará un 10 por cento do total achegado por persoa atendida, porcentaxe que segundo o comprometido polo Ministerio irá medrando gradualmente durante os próximos catro anos ata alcanzar o 40 por cento, isto é, aumentará un 10 por cento cada ano.

"Para Galicia este avance é fundamental, xa que somos unha das comunidades autónomas cunha aposta máis decidida polos servizos como garantía dunha atención de calidade", destacou Mato. De feito, Galicia é a terceira autonomía cunha maior porcentaxe de servizos (66%) fronte ás libranzas económicas do coidador (33%).

Con este cambio, Galicia recibirá do Estado un 3 por cento máis do que lle correspondería de manterse os criterios anteriores, o que se traduce en 2,4 millóns de euros. En total, a Xunta prevé recibir do Goberno central preto de 80 millóns de euros para o financiamento da Lei de Dependencia en 2013, cifra que sería menor de non estar apostando polos servizos.

Galicia ten demandado desde hai tempo esta "ponderación positiva" para aquelas comunidades autónomas que teñen apostado polos servizos, tal e como indica o propio texto da Lei de dependencia. "Gustaríanos que a porcentaxe fose máis alta desde este momento e non gradual, pero este é un primeiro paso", recoñeceu Mato.

Por outra banda, a titular do departamento autonómico destacou que nos acordos acadados incídese na excepcionalidade da prestación por libranza do coidador, tal e como viña facendo Galicia.

Ademais, tamén se fixaron as contías que reciben tanto as comunidades autónomas por cada usuario atendido, como cada beneficiario. A partir de agora, para calcular a contía que recibirá cada usuario tense en conta só o grao –e non os niveis que existían antes por cada un dos tres graos-. Este cambio permitirá incrementar a contía que perciben os beneficiarios que estaban nos niveis inferiores, e que tiñan unhas prestacións económicas menores.

Mato fixo fincapé tamén na elaboración dun catálogo de referencia de servizos sociais, o que "posibilitará dispoñer dun marco de referencia común para todo o Estado", un aspecto que a conselleira considerou "moi positivo".

Xa por último en materia de dependencia, no pleno do Consello territorial tamén se estableceu un novo sistema de información, que ten como obxectivo mellorar a xestión e explotación dos datos, así como promover unha mellora na coordinación e cooperación entre o sistema de xestión do Estado e as comunidades autónomas.




